

Linguas do mundo e tipoloxía lingüística

LINGUA ÁRABE: Resumo gramatical

por José M^a [García-Miguel](#) (Universidade de Vigo)

I. [Introdución: filiación xenética e información xeral](#)

II. [Fonoloxía](#)

Sistema vocálico

Sistema consonántico

Trazos suprasegmentais

[Escritura](#)

III. [ESTRUTURA DA CLÁUSULA](#)

1. A expresión de participantes en cláusulas transitivas e intransitivas

2. Funcións non centrais: frases preposicionais

3. Cláusulas atributivas

4. Díatese

5. Expresión das funcións informativas

IV. [NOMES E FRASES NOMINAIS](#)

(a) *Categorías nominais*

1. Xénero

2. Número

3. Determinación

4. Caso

(b) *Os pronomes persoais*

(c) *Estrutura da frase nominal*

1. Demostrativos

2. Numerais

3. Cualificación adxectiva

4. Cualificación 'posesiva' pronominal

5. Modificadores nominais

6. Cláusulas relativas

V. [CATEGORÍAS VERBAIS](#)

1. Tempo, aspecto e modo

2. Negación

3. Interrogación

4. Oracións imperativas

VI. [CLÁUSULAS COMPLEXAS](#)

1. Coordinación

2. Cláusulas completivas

3. Subordinación adverbial

4. Cláusulas relativas

[Breve texto ilustrativo](#)

[Breve bibliografía](#)

[Recursos en Internet](#)

[Abreviaturas utilizadas](#)

I. Introducción: filiación xenética e información xeral

O árabe pertence á rama semítica da familia Afro-Asiática. e é unha das linguas con maior número de falantes no mundo. Hai 160 millóns de falantes das diferentes variedades do árabe, en todo o norte de África (Marrocos, Alxeria, Tunicia, Libia, Sudán, Exipto) e Oriente Medio (Arabia, Xordania, Iraq, ...).

O árabe clásico é a lingua do Corán [Qur'a:n] e, polo tanto da relixión islámica. Dado que o Corán non debe traducirse, o árabe utilízase como segunda lingua en todo o mundo musulmán e exerce unha grande influencia noutras linguas non arábicas de países musulmáns (persa, turco, ...). Por razóns históricas coñecidas, o árabe tamén influíu en linguas europeas e moi especialmente no castelán, onde deixou numerosos empréstitos

O árabe falado moderno ten moitos dialectos, a maioría deles mutuamente inintelixibles, polo que poderíamos consideralos como linguas diferentes. Os "dialectos" do árabe pódense clasificar en dous grandes grupos:

Árabe oriental: dialectos falados en Mesopotamia, Siria, Líbano, Israel, Península Arábiga, Exipto, Sudán e Tanzania.

Árabe occidental: dialectos falados no Norte de África: Libia, Marrocos, Tunicia, Alxeria e Mauritania.

O dialecto co maior número de falantes é o árabe exipcio (43 millóns de falantes). O maltés, da illa mediterránea de Malta, debido á súa separación cultural respecto do mundo árabe, é considerado unha lingua diferente: os malteses son maioritariamente cristiáns, polo que non aprenden árabe clásico no Corán. O maltés escríbese en alfabeto latino e utilízase tamén en situacións formais. Hai uns 330.000 falantes de maltés.

O árabe literario moderno (ou árabe estándar) está baseado no árabe literario do Corán e é a forma utilizada na comunicación interdialectal, nas situacións formais, na literatura seria, etc. Existen notables diferenzas entre o árabe literario e as variantes faladas. O árabe literario moderno e o dialecto árabe de cada rexión conviven en situación de **diglosia**, entendendo por tal a situación na que variantes fortemente diverxentes da *mesma lingua* se usan na mesma comunidade con funcións claramente delimitadas.

II. Fonoloxía

Sistema consonántico

	<i>Labiais</i>	<i>Inter-dentais</i>	<i>Alveolares</i>	<i>Enfáticas (faringalizadas)</i>	<i>Palatais</i>	<i>Velares</i>	<i>Uvulares</i>	<i>Faringais</i>	<i>Glottais</i>
<i>Oclusivas xordas sonoras</i>	b		t d	tʰ dʰ	ɗ̪	k	q		ʔ
<i>Fricativas xordas sonoras</i>	f	θ ð	s z	sʰ zʰ	ʃ		χ ʁ	ħ ʕ	h
<i>Nasais</i>	m		n						
<i>Laterais</i>			l						
<i>Vibrantes</i>			r						
<i>Semiconsoantes</i>	w				j				

Sistema vocálico

Breves			Longas		
i		u	i:		u:
a			a:		

Principais variacións fonéticas das vogais (alófonos)

As consoantes farínxeas e as uvulares inflúen as vogais veciñas converténdooas en posteriores e abrindoas.

ESCRITURA

O árabe escríbese de dereita a esquerda. O alfabeto árabe (*alifato*) consiste en 28 letras, que representan os 27 fonemas consonánticos e a cantidade das vogais longas. As letras poden ter 4 alógrafos: forma illada, en inicio de palabra, medial e final. No cadro represéntase a forma illada, as formas ligadas final, medial e inicial (algunhas letras só teñen unha forma ligada final, porque non se ligan á seguinte) xunto co nome da letra, a equivalencia co Alfabeto Fonético Internacional e a transliteración que se vai utilizar nos exemplos deste resumo. O sistema de transliteración difire nalgúns aspectos dos procedementos habituais (por exemplo, o máis frecuente é representa-las consoantes enfáticas ou faringalizadas cun punto debaixo), pero escolleuse un sistema que presente menos problemas para a súa codificación en HTML.

No alfabeto árabe as vogais poden marcarse con diacríticos enriba ou debaixo dos grafemas consonánticos. Existen outros diacríticos con funcións diversas (indicacións de xeminación, consoantes implosivas, indeterminación, ...). Non obstante, o habitual é que a escritura árabe non inclúa diacríticos, salvo en textos que requiren lectura coidada (como os Coránicos) ou en textos para a aprendizaxe.

Os principais diacríticos aparecen na táboa seguinte, onde a liña horizontal representa a posición da consoante de base marcada polo diacrítico

/a/	ـَ
/u/	ـُ
/i/	ـِ
cons. implosiva	ـِـ (suku:n)
cons. geminada	ـّـ (shadda)
oclusión glotal	ء (hamza)

Transliteración	AFI	Nome	Aislada	Ligada
a: / '	[ʔ]	'alif	ا	آ
b	[b]	ba:'	ب	بب
t	[t]	ta:'	ت	تت
th	[θ]	tha':	ث	ثث
j	[d͡ʒ]	jī:m	ج	جج
h	[ħ]	ha:'	ح	حح
x	[χ]	xa:'	خ	خخ
d	[d]	da:l	د	د
ð	[ð]	ða:l	ذ	ذ
r	[r]	ra:'	ر	ر
z	[z]	zayn	ز	ز
s	[s]	si:n	س	سس
sh	[ʃ]	shi:n	ش	شش
ṣ	[sʕ]	ṣa:d	ص	صص
d	[dʕ]	da:d	ض	ضض
ṭ	[tʕ]	ṭa:'	ط	طط
ẓ	[ðʕ]	ẓa:'	ظ	ظظ
‘	[ʕ]	‘ain	ع	عع
g	[ɣ]	gain	غ	غغ
f	[f]	fa:'	ف	فف
q	[q]	qa:f	ق	قق
k	[k]	ka:f	ك	كك
l	[l]	la:m	ل	لل
m	[m]	mi:m	م	مم
n	[n]	nu:n	ن	نن
h	[h]	ha:'	ه	هه
w	[w]	wa:w	و	و
y	[j]	ya:'	ي	يي

III. A ESTRUCTURA DA CLÁUSULA

1. Expresión de participantes en cláusulas transitivas e intransitivas

En árabe é posible recoñecer formalmente as funcións sintácticas Suxeito (en cláusulas transitivas e intransitivas) e Obxecto (en cláusulas transitivas). As funcións suxeito e obxecto exprésanse basicamente mediante os casos nominativo e acusativo, respectivamente. O verbo concorda co suxeito en persoa, xénero e, ás veces, en número. A orde de constituíntes non marcada é VSO en árabe clásico.

Nos dialectos árabes falados perdéronse os sufixos de caso, polo que as relacións sintácticas se expresan máis ben mediante a orde de palabras e a concordancia. En canto ao árabe escrito, debe terse en conta que ao non se escribir habitualmente os diacríticos das vogais, o peso dos morfemas de caso é moi limitado.

Orde de constituíntes

A orde de constituíntes nas cláusulas árabes non é fixa, pero en árabe literario a orde máis común se o predicado é un verbo é **VSO**. Os adxuntos adoitan aparecer despois do obxecto.

- (1) *za:r-a* *Zayd-un* *'Amr-an*
visitar(PERF)-3Sg Zaide-NOM Amra-ACUS
= "Zaide visitou a Amra"

Os dialectos falados do árabe moderno adoitan utilizar máis ben a orde SVO.

SUXEITO

Coa orde non marcada VSO, o suxeito nominal aparece en caso nominativo inmediatamente detrás do verbo concordando con el en xénero, pero non en número

- (2a) *qadim-a* *l-walad-u*
chegar-MASC(3Sg) DEF-neno-NOM
= "O neno chegou"
- (2b) *qadim-a* *'awla:d-i:*
chegar-MASC(3Sg) fillos-meus
= "Os nenos chegaron"
- (2c) *qa:lat-i* *l-mu'allim-a:t-u* *ða:lik-a*
dicir(PERF)-FEM(3Sg) DEF-mestra-FEM-NOM iso-ACUS
= "As mestras dixeron iso"

Non obstante, se o suxeito é un pronome, sitúase en posición inicial, co que a orde se converte en SVO. Neste caso, o verbo concorda co suxeito en persoa, xénero e tamén en número

- (3) *huwa za:ra* *'Amran*
El visitou(PERF:3Sg:Masc) Amra-ACUS
= "El visitou a Amra"

Do mesmo xeito, o verbo concorda con calquera suxeito en número, persoa e xénero se o suxeito precede ao verbo ou se non se expresa por ser mencionado anteriormente no texto:

- (4a) *'awla:d-i:* *qadim-u:*
fillos-meus chegar.PERF-3PlMasc
"Os meus fillos chegaron"

(4b) *walad-i: qadim-a*
fillo-meu chegar.PERF-3PlMasc
"O meu fillo chegou"

(2c) *qa:lat-na ḍa:lik-a*
dicir(PERF)-3PlFem iso-ACUS
= "Dixeron (elas) iso"

OBXECTO

O obxecto directo realízase en caso acusativo e posposto ao verbo e ao suxeito nominal

(5) *katab-a risa:lat-a-n*
escribir(PERF)-3SgMasc carta-ACUS-INDEF
"Escribiu unha carta"

O obxecto pronominal preséntase como un [sufixo persoal](#) engadido ao verbo:

(6) *ḍarab-a-ni:*
golpear-3SgMasc-1SgObx
"Pegoume"

Algúns verbos bitransitivos poden ter dobre obxecto:

(7) *'a 'ṭa:-ni l-kita:b-a*
deu-1SgObx DEF-libro-ACUS
"Deume o libro"

Pero existe a construción alternativa co receptor en forma de frase preposicional:

(8) *'a 'ṭa: l-kita:b-a li-i:*
deu DEF-libro-ACUS para-1 sg
"Deume o libro"

Tamén levan dobre obxecto os [causativos](#) de verbos transitivos

(9) *'asma-tu-hu kala:m-a-n*
oír(CAUS)-1SgSux-3SgObx palabras-ACUS-INDEF
"Fíxeno oír palabras"

2. Constituíntes non centrais: frases preposicionais

As funcións clausais distintas de suxeito e obxecto exprésanse mediante frases preposicionais, formadas mediante preposición e nome en caso xenitivo (exemplo 10) ou ben mediante preposición e [sufixo persoal](#) (exemplo 11)

(10) *ḍahab-a muḥammad-un 'ila: l-madrasat-i*
ir(PERF)-3 SG Mohamed-NOM a DEF-escola-XEN
= "Mohamed foi á escola"

(11) *katab-u risa:lat-a-n 'ilay-ki*
escribir(PERF)-1Sg carta-ACUS-INDEF para-2SgFem
= "Escribín unha carta para ti"

As funcións circunstanciais tamén poden ser realizadas por adverbios. Ademais dos adverbios propios (por exemplo, *'amsi* "onten"), tamén o caso acusativo asume algunhas funcións adverbiais. A forma indefinida do acusativo forma moitos adverbios a partir de nomes (*ga:d-an* "mañá", *sabah-an* "pola mañá") e mesmo formas adverbiais derivadas de verbos

- (12) *ga:dartu l-bayt-a mashy-a-n*
 abandonei DEF-casa-ACUS camiñar-ACUS-INDEF
 "Abandonei a casa camiñando"

3. Cláusulas atributivas

A expresión da atribución realízase en árabe sen verbo, unindo Suxeito e Predicado non verbal.

A **predicación atributiva** exprésase combinando, como suxeito, unha frase nominal de determinación definida (incluíndo nomes propios e pronomes persoais) en caso nominativo e, como predicado, un nome ou adxectivo de determinación indefinida tamén en caso nominativo, concordando en xénero e número co suxeito.

- (13) *'al- 'umm-u qaliq-a^{t-u-n}*
 DEF-nai-NOM preocupada-FEM-NOM-INDEF
 = "A nai está preocupada"

- (14) *Muhammad-un kari:m^{-u-n}*
 Mohamed-NOM xeneroso-NOM-INDEF
 = "Mohamed é xeneroso"

Na **localización** e outras relacións circunstanciais o Predicado non verbal é unha frase preposicional ou un adverbio

- (15) *'ar-rajul-u fi l-bayt-i*
 DEF-home-NOM en DEF-casa-XEN
 = "O home está na casa"

- (16) *('a)s-salam-u 'alay-kum*
 DEF-paz-NOM sobre-2 PL
 = "A paz sexa convosco"

Se a frase nominal é indefinida posponse á frase preposicional, adquirindo sentido **existencial**

- (17) *fi l-bayt-i rajul-u-n*
 en DEF-casa-XEN home-NOM-INDEF
 = "Hai un home na casa"

Unha construción similar formada por Frase Preposicional + Frase Nominal é a que se utiliza para expresar predicacións relacionais de **posesión**

- (18) *la-ka kita:b-u-n*
 para-2SG.MASC libro-NOM-INDEF
 = "Tes un libro"

- (19) *bi-hi maraḍ-u-n*
 en-3 SG enfermidade-NOM-INDEF
 = "Ten unha enfermidade"

Ao carecer de verbo, a predicação atributiva non expresa nin tempo nin aspecto, polo que pode situarse en calquera segmento temporal, aínda que habitualmente debamos traducilas por un presente. Para indicar explicitamente tempo pasado utilízase o verbo *ka:na* "ser/estar", que se constrúe co atributo en acusativo, coma se fose o seu obxecto directo:

- (20) *ka:na muḥammad-un kari:m-a-n*
 ser(PERF) Mohamed-NOM xeneroso-ACUS-INDEF
 = "Mohamed era xeneroso"

4. Diátese

Voz pasiva

Xunto á forma activa, non marcada, os verbos teñen unha forma non axentiva ou pasiva. O paradigma verbal pasivo é moi similar ao activo, variando as vogais:

	Voz activa	Voz non activa
Perfectivo	<i>KaTaB-a</i> "escribiu"	<i>KuTiB-a</i> "foi escrito"
Imperfectivo	<i>xa-KtuB-u</i> "escribía"	<i>yu-KtaB-u</i> "era escrito"

Na pasiva o paciente convértese en suxeito en caso nominativo, pero o axente **non** se pode expresar (se se quere expresar haberá que usar necesariamente o paradigma activo). Por exemplo:

Activa

(21a) *qatal-a* *Muhammad-un kalb-a-n*
matar(PERF)-3 SG Mohamed-NOM can-ACUS-INDEF
"Mohamed matou un can"

Pasiva

(21b) *qutil-a* *l-kalb-u*
matar(PASIV.PERF)-3SG DEF-can-NOM
"O can foi asasinado"

"O can foi matado por Mohamed" non pode expresarse en árabe utilizando a voz pasiva.

Temas verbais derivados

Existen nove tipos de formas verbais ou **temas**, o valor semántico dos cales é en parte imprevisible pero que tipicamente expresan variacións de diátese a partir do tema básico. Moitas raíces poden aparecer en máis dun destes temas derivados, aínda que raramente en todos, conservando en común tres consoantes [raíces triconsonánticas]

Táboa de temas verbais [só formas perfectivas, onde os números representan as consoantes radicais]

TEMA	FORMA	Significado básico	Exemplos	
I	1a2a3	(Base)	<i>'alima</i> "saber" <i>kasara</i> "romper" <i>kataba</i> "escribir"	<i>SaLiMa</i> "estar ben"
II	1a22a3	Intensivo/Causativo	<i>'allama</i> "ensinar"	<i>SaLLaMa</i> "protexer", "saudar"
III	1a:2a3	Directivo/Recíproco	<i>ka:taba</i> "escribirse con alguén"	<i>Sa:LaMa</i> "tratar pacificamente"
IV	'a12a3	Declarativo/Causativo	<i>'a'lama</i> "informar"	<i>'aSLaMa</i> "volver musulmán"
V	ta1a22a3	Intransitivo/Refl. de II	<i>ta'allama</i> "aprender"	<i>taSaLLaMa</i> "volverse musulmán"
VI	ta1a:2a3	Recíproco		<i>taSa:LaMa</i> "face-las paces"
VII	'in1a2a3	Intransitivo/Refl de I	<i>'inkasara</i> "romper"	
VIII	'i1ta2a3	Reflexivo-recíproco		<i>'iStaLaMa</i> "bicar <a pedra sagrada> "
IX	'i12a33	Causativo Denominal	<i>'ihmarra</i> "virar vermello" [<i>'ahmaru</i> "vermello"]	
X	'ista12a3	Reflexivo de IV	<i>'ista'lama</i> "informarse"	<i>ÍstaSLaMa</i> "manter en paz"

Pode apreciarse que os temas derivados II, III, IV e IX adoitan supoñer incremento de valencia/transitividade ('diátenses accesivas') e os temas V, VI, VII, VIII e X adoitan implicar diminución de valencia/transitividade ('diátenses recesivas')

Causatividade

Os temas de significado causativo permiten derivar un verbo transitivo a partir dun intransitivo. Por exemplo: (I) *qadima* "estar diante" --> (II) *qaddama* "poñer diante". Pero tamén pode formarse o causativo dun verbo transitivo. Neste caso, o causativo pode construírse con dobre [obxecto](#), que se corresponden co obxecto da forma base e o suxeito da forma base ["causado"]. Por exemplo:

Base transitiva

(22a) *sama* '-a *kala*:m-a-n
oír(PERF)-3Sg palabras-ACUS-INDEF
= "Oíu palabras"

Causativo (tema IV) con dobre obxecto

(22b) '*asma*-tu-hu *kala*:m-a-n
oír(CAUS PERF)-1SgSux-3sgObx palabras-ACUS-INDEF
= "Fíxeno oír palabras"

5. Expresión de funcións informativas

Existen varios procedementos para resaltar un nome ou frase nominal como **Tema** marcado

- Tema en posición inicial, normalmente en nominativo, seguido de Rema cunha forma pronominal que remite ao Tema

(23) *kita*:b-u-ka *qara'* -tu-hu
libro-NOM-2SgMASC ler(PERF)-1Sg-3SgObx
= "O teu libro, lino"

(24) *Fa*:*tīmat*-u *bnu*-ha: *ḥasan*-u-n
Fátima-NOM fillo-3SgFem bo-NOM-INDEF
= "O fillo de Fátima é bo"
[lit. : "Fátima, o seu fillo (é) bo"]

(25) *sadi*:q-i: '*ism*-u-hu '*Ibra*:hi:m-u
amigo-1Sg nome-NOM-3Sg Ibrahim-NOM
= "O meu amigo chámase Ibrahim"
[lit. : "o meu amigo, o seu nome (é) Ibrahim"]

[Esta última é a fórmula estándar para dicir como se chama unha persoa]

- Tema en nominativo introducido por '*amma*: "en canto a", seguido de Rema marcado mediante a partícula *fā*-

(26) '*amma*: *Muhammad-un fa*-*hasan*-u-n
en canto a Mohamed-NOM REMA-bo-NOM-INDEF
= "En canto a Mohamed, é bo"

- Tema en *acusativo* introducido polo presentativo '*inna*, e derivados, seguido de Rema opcionalmente marcado pola partícula aseverativa *la*-

(27) '*inna* *r-rajul*-*ayni* (*la*-) *shtaray*-a: *kita*:b-a-n
TEMA DEF-home-AcusDual REMA comprar(PERF)-3du libro-ACUS-INDEF
= "Efectivamente, os dous homes compraron un libro"

IV. NOMES E FRASES NOMINAIS

(a) Categorías nominais

Os nomes teñen xénero (masculino e feminino), caso (nominativo, xenitivo, acusativo), número (singular, dual e plural) e determinación (definidos e indefinidos). A estrutura morfolóxica dos nomes adoita seguir unha das dúas pautas seguintes:

Definido: ART - N - (FEM) - (NUM) - caso.

Indefinido: N - (FEM) - (NUM) - caso - DET INDEFINIDA

1. Xénero

Existen dous xéneros: **masculino** e **feminino**. O xénero non marcado é o masculino. A maioría dos nomes femininos márcanse co sufixo **-at-** despois da raíz nominal (por ex.: *malik* "rei", *malikat* "raíña"), aínda que hai nomes co sufixo **-at-** que son masculinos (*xali:f-at* "califa"). O xénero maniféstase ademais, e principalmente, na concordancia cos modificadores adxectivos na frase nominal e os predicados adxectivos nas cláusulas atributivas

A maioría dos nomes adoptan un xénero ou outro por razóns semánticas. Ademais dos nomes que se refíren a seres vivos femininos, tamén as partes do corpo que son dobres e os nomes da maioría dos países son femininos. O resto dos nomes adoitan ser masculinos.

2. Número

O número en árabe pode ser **singular**, **dual** e **plural**.

O **dual** fórmase por sufixación á base dos morfemas **-a:(nin)** en nominativo e **-ay(nin)** en xenitivo ou acusativo [(*nin*) pérdese se o substantivo vai seguido dun modificador nominal]. Por exemplo:

Singular	Dual en nominativo	Dual en xenitivo
<i>muslimun</i> "musulmán"	<i>muslima:ni</i> "2 musulmáns"	<i>bi-muslimayni</i> "con 2 musulmáns"
<i>muslimatun</i> "musulmá"	<i>muslimata:ni</i> "2 musulmá"	<i>bi-muslimatayni</i> "con 2 musulmá"

- Os procedementos de formación do **plural** en árabe están determinados lexicamente. Moitos nomes e adxectivos teñen o chamado plural regular (ou "*plural san*") que se obtén, para o masculino, por sufixación dos morfemas **-u:(na)** en nominativo e **-i:(na)** en xenitivo, mentres que para o feminino se sufixa **-a:t-u-n** en nominativo e **-a:t-i-n** en xenitivo ou acusativo

Singular	Plural nominativo	Plural Xenitivo
<i>malikun</i> "rei"	<i>maliku:na</i> "reis"	<i>bi-maliki:na</i> "con reis"
<i>malikatun</i> "raíña"	<i>malika:tun</i> "raíñas"	<i>bi-malika:tin</i> "con raíñas"

Pero a maioría dos nomes árabes teñen o chamado "*plural fracto*" ou irregular, consistente na adopción dunha forma diferente que só conserva as consoantes da base. Exemplos:

Singular	Plural		Singular	Plural	
<i>kita:b</i>	<i>kutub</i>	"libro(s)"	<i>wazi:r</i>	<i>wuzara:</i>	"ministro(s)"
<i>rajul</i>	<i>rija:l</i>	"home(s)"	<i>sadi:q</i>	<i>'asdiqa:</i>	"amigo(s)"
<i>ta:lib</i>	<i>talabat</i>	"estudante(s)"	<i>maktab</i>	<i>maka:tib</i>	"oficina(s)"
<i>'ayn</i>	<i>'a 'yun</i>	"ollo(s)"	<i>hajarat</i>	<i>hija:rat</i>	"pedra(s)"
<i>nafs</i>	<i>nufu:s-a</i>	"alma(s)"	<i>balad</i>	<i>bulda:n</i>	"país(es)"

3. Determinación

As frases nominais poden ser definidas ou indefinidas. Se o nome é indefinido engádese ao final o sufixo **-n**; se está definido prefixaselle o artigo definido (**'a**)**l**-. [*kita:bun* "(un) libro" ; **'al-kita:bu** "o libro"]

A determinación é tamén unha categoría de concordancia, polo que se expresa tamén nos [adxectivos cualificativos](#) que modifican o nome

Ademais dos nomes propios e os pronomes persoais, os nomes con modificador posesivo ([pronominal](#) o [nominal](#)) son gramaticalmente definidos por defecto e non admiten nin o morfema definido nin o indefinido, pero os adxectivos que os modifiquen deben ser definidos

4. Caso

Os nomes admiten tres casos: nominativo, acusativo e xenitivo. Como se viu, o **nominativo** é o caso do suxeito, o **acusativo** é o caso do obxecto e dalgúns adverbios, mentres que o **xenitivo** é o caso dos complementos do nome e das preposicións. As marcas de caso son **-u** para o nominativo, **-a** para o acusativo e **-i** para o xenitivo.

(b) Pronomes persoais

Os **pronomes** distinguen, ademais de persoa e número, tamén xénero (masculino e feminino), agás para o dual e para a primeira persoa.

Táboa de **pronomes persoais**:

		sing	dual	plural
1 ^a		'ana:		nahnu
2 ^a	masc	'anta	'antumma:	'antum
	fem	'anti		'antunna
3 ^a	masc	huwa	huma:	hum
	fem	hiya		hunna

Ademais das formas persoais independentes, que funcionan como suxeito, existen tamén formas sufixadas, que se engaden aos verbos como obxecto directo, ás preposicións como complemento, e aos nomes como sufixo posesivo

Táboa de **sufixos persoais**:

		sing	dual	plural
1 ^a		-ni: / -i:	-na:	
2 ^a	masc	-ka	-kuma:	-kum
	fem	-ki		-kunna
3 ^a	masc	-hu	-huma:	-hum
	fem	-ha:		-hunna

Os **sufixos persoais** únense a **nomes** (indicando [posesión](#)), **verbos** (sinalando o [obxecto directo](#)) e **preposicións** (como [complemento da preposición](#)).

- (28) *kalb-i:* "o meu can"
daraba-ni: "golpeoume"
bi-hinna "con elas"

[Os pronomes de terceira persoa cambian o /u/ en /i/ se a palabra á que se sufixan remata en /i/]

(c) A estrutura das frases nominais

En árabe os modificadores aparecen despois do núcleo da frase nominal (orde NUC-MOD). Se existe máis dun modificador, os modificadores en xenitivo seguen inmediatamente o núcleo, despois van os adxectivos e por último as cláusulas de relativo ou as frases preposicionais. A posición de demostrativos e numerais antes ou despois do nome depende doutros factores sintácticos.

1. Demostrativos

Os demostrativos admiten só dous graos: próximo ("este") e distante ("aquele"). Preceden o nome definido e concordan con el en xénero e número.

(29) *ha:ða* *r-rajulu*
este(MASC) DEF-home
= "Este home"

(30) *'ula:'ika* *l-kutubu*
aqueles DEF-libros
= "Aqueles libros"

Se o nome non leva artigo por estar determinado por outros medios (cualificación posesiva [pronominal](#) ou [nominal](#)), o demostrativo segue o nome

(31a) *kita:bu-ki* *ha:ða:*
libro-2sgFem este
= "Este libro teu" (dunha muller)

(31b) *bintu* *Muhammadin* *ha:ðihi:*
filla Mohamed-XEN esta
= "Esta filla de Mohamed"

Os demostrativos tamén poden utilizarse como pronomes

2. Numerais

O árabe utiliza un sistema de numeración decimal. As formas masculinas do 1 ao 10 son [a terminación non se pronuncia ao utiliza-los numerais de forma illada]:

1= *wa:hid^{un}*, 2= *'ithna:nⁱ*, 3= *thala:tha^{un}*, 4= *'arba'a^{un}*, 5= *xamsa^{un}*, 6= *sitta^{un}*, 7= *sab'a^{un}*,
8= *thama:niya^{un}*, 9= *tisa^{un}*, 10= *ashara^{un}*

Os numerais 1 e 2 poden utilizarse de forma enfática pospostos, respectivamente, ao singular e dual dos nomes:

(32) *kita:bun wa:hidun*
libro un
"Un só libro"

(33) *kita:b-a:ni thna:ni*
libro-Dual dous
"Un par de libros"

Os números do 3 ao 10 son substantivos (como 'trío', 'cuarteto', ...) e van seguidos do nome cuantificado en xenitivo, pero concordando con el en xénero:

(34) *xamsatu* *rija:l-i-n*
cinco(MASC) homes-XEN-INDEF
= Cinco homes [lit: un quinteto de homes]

- (35) *thala:thu mu'allim-a:t-i-n*
 tres(FEM) profesor-PL+FEM-INDEF-INDEF
 = "Tres profesoras"

3. Cualificación adxectiva

Os **adxectivos** inclúense dentro da clase nominal por ter un comportamento moi similar ao dos nomes. Para formar adxectivos, o sufixo máis común é *-i:y*, aínda que os adxectivos sufixados así poden funcionar como substantivos.

misr misr-i:y 'al-misr-i:y
 "Exipto" "exipcio" (adx) "o exipcio" (sust)

Os adxectivos cualificativos van despois do nome e deben concordar cos nomes ós que modifican en xénero, número, caso e determinación. Exemplos

- (36) *'al-lugat-u l-'arabi:y-a^{t-u}*
 DEF-lingua-FEM-NOM DEF-árabe-FEM-NOM
 = "A lingua árabe"
 [lit. "a lingua a árabe"]

- (37) *busta:n-u-n kabi:r^{-u-n}*
 xardín-NOM-INDEF grande-NOM-INDEF
 = "Un gran xardín"

- (38) *al-busta:n-u l-kabi:r^{-u}*
 DEF-xardín-NOM DEF-grande-NOM
 = "O gran xardín"

- (39) *mu'allim-a:t-u-n muslim-a:^{t-u-n}*
 maestro-FEM.PL-NOM-INDEF musulmán-FEM.PL-NOM-INDEF
 = "Mestras musulmanas"

Non obstante os plurais de irracionais (animais e cousas) son tratados como feminino singular para os efectos de concordancia:

- (40) *maka:tib-u kabi:r-a^{t-u-n}*
 oficina(PL)-NOM grande-FEM.SG-NOM-INDEF
 = "Grandes oficinas"

- (41) *'al- kutub-u l-jami:l-a^{t-u}*
 DEF-librar(PL)-NOM DEF-hermoso-FEM.SG-NOM
 = "Os libros fermosos"

Existen tamén formas comparativas e superlativas dos adxectivos, que se derivan mediante a combinación de afixos e flexión interna.

- (42a) *rajul-u-n hasan-u-n*
 home-NOM-INDEF bo-NOM-INDEF
 = "Un home bo"

- (42b) *'ahsan-u rajul-i-n*
 mellor-NOM home-XEN-INDEF
 = "O mellor dos homes"

- (43a) *'al-malik-at-u l-jami:l-a^{t-u}*
 DEF-raíña-FEM-NOM DEF-bela-FEM-NOM
 = "A bela raíña"

- (43b) *'al-malik-at-u l-juml-a:*
 DEF-raíña-FEM-NOM DEF-máis bela-FEM
 = "A máis bela raíña"

4. Posesivos pronominais

A posesión pronominal exprésase mediante a serie de [pronomes sufixados](#) ou sufixos persoais que se engaden á raíz nominal. O sufixo posesivo é incompatible co artigo. Exemplos:

- (44) *baytu-hu* = A súa casa (del)
baytu-ha: = A súa casa (dela)
bayt-i: = A miña casa
baytu-ki = A túa casa (fem.)

Os nomes posuídos son gramaticalmente definidos, polo que os adxectivos que os modifiquen deben ser definidos.

- (45) *kalb-u-hu l-kabi:r-u*
 can-NOM-3SG DEF-grande-NOM
 "o seu can grande"

5. Modificadores nominais

Os modificadores nominais aparecen en caso xenitivo e postpostos ao núcleo. Os nomes seguidos dun modificador nominal en xenitivo convértense en definidos, polo que non poden levar artigo (é a chamada forma 'constructa' do nome)

- (46) *kita:b-u l-walad-i*
 libro-NOM DEF-neno-XEN
 "O libro do neno"

O modificador pode ser indefinido, pero segue convertendo en definida a toda a frase:

- (47) *kita:b-u walad-i-n*
 libro-NOM neno-XEN-INDEF
 "O libro dun neno"

Alternativamente, podemos modificar un nome cunha frase preposicional con *li* ("de, para"), fórmula que utilizaremos se o núcleo non é definido

- (48a) *kita:b-u-n li l-walad-i*
 libro-NOM-INDEF de DEF-neno-XEN
 "Un libro do neno"
- (48b) *kita:b-u-n li walad-i-n*
 libro-NOM-INDEF de neno-XEN-INDEF
 "Un libro dun neno"

Se nunha frase coexisten un modificador en xenitivo e un adxectivo, este segue necesariamente o complemento nominal, aínda que concorde en xénero, número e determinación co núcleo nominal ao que modifica (o cal pode dar lugar a ambigüidades potenciais).

- (49) *malik-u l-balad-i l-kari:m-u*
 rei-NOM DEF-país-XEN DEF-xeneroso-NOM
 = "O xeneroso rei do país"
- (50) *ba:b-u l-bayt-i l-kabi:r-i*
 porta-NOM DEF-casa-XEN DEF-grande-XEN
 = "a porta da casa grande"

Para evitar ambigüidades pode utilizarse a alternativa de construír o modificador nominal coa preposición *li*

- (51) *bi- l-ba:b-i l-kabi:r-i li- l-bayt-i*
en DEF-porta-XEN DEF-grande-XEN de DEF-casa-XEN
= "Na porta grande da casa"

6. Cláusulas de relativo

As cláusulas de relativo seguen o nome ao que modifican.

Se o antecedente está definido, a cláusula relativa introdúcese co pronome relativo *al- laði* ('o cal'), que concorda en xénero e número co antecedente.

- (52) *ar-rajul-u l-laði: qatala 'ab-i:*
o-home-NOM o cal matou pai-o meu
= "o home que matou o meu pai"

Se o pronome relativo non funciona como suxeito debe ser completado por unha forma pronominal obxecto na cláusula de relativo.

- (53) *ar-rajul-u l-laði: qatal-a-hu 'ab-i:*
DEF-home-NOM o cal matar(PERF)-3 SgMasc-3SgMascObx pai-1SG
= "O home ao que matou o meu pai"
[literal: "O home o cal o meu pai o matou"]

Se o núcleo modificado por unha cláusula de relativo é indefinido, a cláusula relativa non inclúe o pronome relativo.

- (54) *ra'ay-tu rajul-a-n ja: '-a*
ver(PERF)-1sg home-ACUS-INDEF vir(PERF)-3 SG
= "Vin un home que veu"
-

V. CATEGORÍAS VERBAIS

A morfoloxía verbal árabe é moi rica xa que implica un amplo número de modelos flexivos e esquemas derivativos. Como calquera outra lingua semítica, o árabe ten raíces, a maioría de 3 consoantes, ás que se lle engaden infixos vocálicos e varios prefixos e sufixos. Dada unha raíz triconsonántica e os modelos produtivos da lingua, un falante do árabe pode xerar un amplo conxunto de formas flexionadas e de [temas derivados](#).

As categorías flexivas expresadas no verbo árabe son **aspecto**, **modo**, **voz** (activa e [pasiva](#)) e concordancia co [suxeito](#) en xénero, persoa e ás veces número. Tamén pode expresarse o [obxecto directo](#) mediante [pronomes sufixados](#)

Tempo, aspecto e modo

· Aspecto

A flexión do verbo árabe distingue o aspecto *perfectivo* do *imperfectivo*, que se diferencian tanto polos infixos vocálicos coma polos prefixos e sufixos de concordancia co suxeito. As formas de indicativo correspondentes á raíz triconsonántica K-T-B "escribir" son as seguintes, :

	<i>Perfectivo</i>	<i>Imperfectivo</i>
1sg	<i>katab-tu</i>	<i>'a-ktub-u</i>
1pl	<i>katab-naa</i>	<i>na-ktub-u</i>
2 sg masc	<i>katab-ta</i>	<i>ta-ktub-u</i>
2 sg fem	<i>katab-ti</i>	<i>ta-ktub-i:na</i>
2dual	<i>katab-tuma:</i>	<i>ta-ktub-a:ni</i>
2 pl masc	<i>katab-tum</i>	<i>ta-ktub-u:na</i>
2 pl fem	<i>katab-tunna</i>	<i>ta-ktub-na</i>
3 sg masc	<i>katab-a</i>	<i>xa-ktub-u</i>
3 sg fem	<i>katab-at</i>	<i>ta-ktub-u</i>
3 du masc	<i>katab-a:</i>	<i>ya-ktub-a:ni</i>
3 du fem	<i>katab-ata:</i>	<i>ta-ktub-a:ni</i>
3 pl masc	<i>katab-u:</i>	<i>ya-ktub-u:na</i>
3 pl fem	<i>katab-na</i>	<i>ya-ktub-na</i>

O verbo árabe non expresa directamente significados de tempo, estes dedúcense do aspecto. En xeral, o perfectivo úsase para accións pasadas e acabadas e o imperfectivo para accións presentes ou pasadas pero non rematadas.

(55a) *katab-a* *risa:lat-a-n*
escribir(PERF)-3 sgMASC carta-ACUS-INDEF
= "Escribiu unha carta"

(55b) *ya-ktub-u* *risa:lat-a-n*
3sgMASC-escribir(IMPERF) carta-ACUS-INDEF
"Escribe / escribía unha carta"

Non obstante, o perfectivo úsase tamén para expresar accións non pasadas como na expresión desiderativa do exemplo seguinte:

(56) *ba:rak-a* *alla:h-u* *fi:-k^a*
bendecir(PERF) deus-NOM en-2 SG
"Que Deus te bendiga" (= "Grazas")

Ademais das diferenzas aspectuais expresadas na flexión verbal, existe tamén a posibilidade de utilizar verbos auxiliares con diferentes propósitos. Por exemplo, a forma perfectiva *ka:na* ("ser/estar") pode construírse cun verbo para indicar explicitamente que a acción se desenvolve no pasado, unha función similar á que o mesmo verbo desenvolve en [cláusulas atributivas](#). Combinado cun verbo en aspecto imperfectivo o resultado é un pasado imperfectivo, normalmente con sentido iterativo ou habitual.

(57) *ka:na* *xamma:r-u-n* *yu-sa:fir-u* *bi-xamr-i-n* *a-hu;*
 ser(3SGMASC+PERF) viñateiro-NOM-INDEF 3SgMasc-viaxar-(IMPERF) con-viño-XEN-INDEF a- 3 SG
 "Un viñateiro viaxaba co seu viño"

En cambio, combinado cun verbo en aspecto perfectivo, o sentido resultante é equivalente ao do pluscuamperfecto: *ka:na kataba* = "escribira"

• Modo

Existen tres modos (só en aspecto imperfectivo): **indicativo**, **subxuntivo** e **iusivo**, que se distinguen fundamentalmente pola vogal final do tema. As formas de 3ª persoa singular masculino da raíz K-T-B "escribir":

INDICATIVO SUBXUNTIVO IUSIVO

ya-KTuB-u *ya-KTuB-a* *ya-KTuB*

O modo iusivo (chamado tamén apocopado) carece de contido sintáctico-semántico uniforme, pero é o que se usa tras certas negacións e en estruturas condicionais.

O modo subxuntivo é requirido na subordinación con marcadores como *'an* "que" e outros.

O indicativo é o modo non marcado, o que se utiliza cando non hai razóns para utilizar algún dos outros.

2. Negación

A expresión da negación depende de que queiramos negar, pero en xeral utilizaremos as partículas *la:*, *lam* o *ma:*

- A negación do suxeito indeterminado nunha [cláusula atributiva](#)-existencial exprésase antepoñendo *la:* e poñéndoo en caso acusativo

(58) *la: rajul-a* *fī l-bayt-i*
 NEG home-ACUS en DEF-casa-XEN
 "Non hai ningún home en casa"

- Nos demais casos, as cláusulas atributivas néganse mediante *ma:* ou co pseudoverbo *laysa* "non ser"

(59a) *ma: 'anta* *kari:m-u-n*
 NEG ti(MASC) xeneroso-NOM-INDEF
 "Non es xeneroso"

(59b) *las-ta* *kari:m-a-n*
 non ser(PERF)-2sgMasc xeneroso-ACUS-INDEF
 "Non es xeneroso"

- A negación do predicado verbal faise mediante *la:* ou *laysa* se o sentido é de presente, prohibición ou desexo e mediante *ma:* nos demais casos

(60a) *la: ta-ktub*

NEG 2sgMasc-escribir(IUS)

"Non escribas"

(60b) *ma: fa 'al-tu-hu*

NEG facer(PERF)-1sg-3sgMascObx

"Non o fixen"

- Como resposta ás interrogativas totais, utilizaremos *la:* para negar e *na'am* o *'i:* para responder afirmativamente

(60) *-hal 'anta ta:lib-u-n*

INT ti(MASC) estudante-NOM-
INDEF

- "Es estudante?"

-la:, 'ana 'usta:ð-u-n

- Non, eu profesor-NOM-
MASC

- "Non, son profesor"

-na'am, 'ana ta:lib-u-n

- Si, eu estudante-NOM-
INDEF

- "Si, son estudante"

3. Interrogación

- As **interrogativas parciais** van introducidas por algún dos pronomes ou adverbios interrogativos: *man* "quen", *ma:* "que", *'ayna* / *'anna:* "onde", *kayfa* "como", *mata:* "cando", ...

(61) *'ayna daras-a l-mu 'allim-u*

onde estudar(PERF)-3 sg DEF-mestre-NOM

"Onde estudou o mestre?"

(62) *kayfa ha:lu-ka*

como estado-2SgMasc

"Que tal?"

[literal: "Como é o teu estado?"]

- As **interrogativas totais** poden ir marcadas só polo ton, pero o habitual é que sexan introducidas por algunha das partículas interrogativas *'a* o *hal*

(63) *'a 'anta fa 'al-ta ha:ða:*

INT ti facer(PERF)-2sgMasc isto

"Fixeches ti isto?"

4. Oracións imperativas

Os verbos teñen unha formas imperativas de segunda persoa, que parten das formas de aspecto imperfectivo:

(64) *('u)ktub* "escribe"

('i)drib "golpea"

('i)ftah "abre"

VI. ORACIÓNS E CLÁUSULAS COMPLEXAS

1. Coordinación

A coordinación de frases ou cláusulas exprésase mediante partículas coordinativas, *wa-* "e" (coordinante xeral), *fa-* e (para a coordinación de eventos que se suceden no tempo), *'aw* "ou", etc.

- (65) *'ar-rajul-u kari:m-u-n wa-hasan-u-n*
DEF-home-NOM xeneroso-NOM-INDEF e bo-NOM-INDEF
"O home é xeneroso e bo"

- (66) *qa:m-a fa-qa:l-a*
levantarse(PERF)-3SG e decir(PERF)-3 SG
"Levantouse e dixo"

2. Cláusulas completivas

As cláusulas completivas desempeñan funcións nominais (suxeito, obxecto, complemento de preposición,...). Adoitan expresarse en modo subxuntivo e son introducidas por algunha conxunción completiva que nominaliza a cláusula. As principais conxuncións que poden nominalizar cláusulas son *'an* e *ma*: "que"

- (67) *'u-ri:d-u 'an 'a-zu:r-a-hu*
1sg-querer(IMPERF)-INDIC que 1SG-visitar-SUBJ-3SgMasc.Obx
"Quero visitalo"

Tamén se utiliza a partícula presentativa *'anna* que rexe un nome en acusativo ou un sufixo persoal, equivalente ao suxeito da cláusula subordinada

- (67) *yu-jib-u-ni: 'anna-ka kari:m-u-n*
3sg-agradar-INDIC-1SgObx que-2SgMasc xeneroso-NOM-INDEF
"Gústame que sexas xeneroso"

3. Subordinación adverbial

Moitas relacións circunstanciais entre cláusulas (causais, temporais, ...) exprésanse mediante a combinación de preposicións e conxuncións completivas: *li-'anna* "porque", *lamma: ('an)* "cando", *'ila 'an* "ata que", aínda que a conxunción é a miúdo opcional.

As **condicionais** reais son introducidas pola conxunción *'in* "se" co verbo en aspecto perfectivo ou en modo iusivo. As condicionais irrealis márcanse con *law* "se" e verbo en aspecto perfectivo (modo iusivo na negación), mentres que a cláusula condicionada se marca con *a-*, tamén co verbo en aspecto perfectivo

- (67) *'in tu-krim-ni: 'u-krim-ka*
Se (REAL) 2SgSux-honrar(IUS)-1SgObx 1SgSux-honrar(IUS)-2SgMascObx
"Se me honras, honrareite"

- (68) *law zur-ta-ni: la- zur-tu-ka*
Se (IRREAL) visitar(PERF)-2SgMascSux-1SgObx -visitar(PERF)-1SgSux-2SgMascObx
"Se me visitases (ti), visitaríate (eu)"

As conxuncións condicionais están na base das **concesivas** *wa'in*, *walaw* "aínda que".

4. Cláusulas relativas

A estrutura das cláusulas relativas explicouse [máis arriba](#) como parte da modificación nominal

TEXTO ILUSTRATIVO

Texto

[Lyovin 215-217]

« ١ » كَانَ خَمَّارٌ يُسَافِرُ بِخَمْرٍ لَهُ وَمَعَهُ قِرْدٌ وَكَانَ يَمْزُجُ
الْخَمْرَ بِالْمَاءِ نِصْفَيْنِ « ٢ » وَيَبِيعُهُ بِسَعْرِ الْخَمْرِ « ٣ » وَ
الْقِرْدُ يُشِيرُ إِلَيْهِ أَنْ لَا تَفْعَلَ فَيَضْرِبُهُ فَلَمَّا فَرَّغَ مِنْ بَيْعِ الْخَمْرِ
« ٤ » وَارَادَ الرُّجُوعَ إِلَى بَلَدِهِ رَكِبَ الْبَحْرَ « ٥ » وَقِرْدُهُ مَعَهُ وَ
خَرَجَ فِيهِ ثِيَابُهُ « ٦ » وَالْكَيْسُ الَّذِي جَمَعَهُ مِنْ ثَمَنِ الْخَمْرِ
« ٧ » فَلَمَّا سَارَ فِي الْبَحْرِ اسْتَخْرَجَ الْقِرْدُ الْكَيْسَ مِنْ مَوْضِعِهِ
« ٨ » وَرَقِيَ الدَّقْلَ وَهُوَ مَعَهُ حَتَّى صَارَ فِي أَعْلَاهُ وَرَمَى إِلَى
الْمَرْكَبِ بِدِرْهَمٍ « ٩ » وَإِلَى الْبَحْرِ بِدِرْهَمٍ فَلَمْ يَزَلْ ذَلِكَ دَابَّهُ
حَتَّى قَسَمَ الدَّرَاهِمَ نِصْفَيْنِ

Tradución idiomática do árabe

[1] Un mercador de viño adoitaba viaxar co seu viño e cun mono que tiña. Mesturaba viño e auga a un 50% [2] e vendíao a prezo de viño. [3] O mono díxolle: "Non fagas iso", e el pegoulle (ao mono). Cando rematou de vender o viño [4] e quixo regresar á súa cidade, viaxou polo mar [5] levando consigo o mono e as bolsas onde estaban as súas roupas [6] e o diñeiro que obtivera co prezo do viño. [7] Cando el estaba tranquilo no mar, o mono colleu o diñeiro [8] e trepou con el polo mastro ata que chegou á punta. Tirou un dirham ao barco [9] e outro ao mar, e así seguiu ata que dividiu os dirhams en dúas metades.

Glosa morfema por morfema

(1)

ka:na *xamma:r-u-n* *yu-sa:fir-u* *bi- xamr-i-n* *la- hu;*
ser(3SGMASC+PERF) viñateiro-NOM-INDEF 3SgMasc-viaxar(IMPERF)-INDIC con-viño-XEN-INDEF a- 3SG

"Un viñateiro viaxaba co seu viño

wa ma'a- hu qird-u-n,
e con- 3 SG mono-NOM-INDEF,

e con el (levaba) un mono,

wa ka:na *ya-mzuj-u* *l-xamr-a* *bi- l-ma:'-i* *nisf-ayni*
e ser(3SGMASC+PERF) 3SGMASC-mesturar(IMPERF)-INDIC DEF-viño-ACUS con-DEF-auga-XEN metade-DU

e adoitaba mesturar o viño coa auga a partes iguais"

(2)

wa ya-bi: 'u-hu *bi si'r-i l-xamr-i*
e 3SGMASC-vender(IMPERF)-INDIC-3SG con prezo-XEN DEF-viño-XEN
"e vendíao a prezo de viño"

(3)

wa l-qird-u yu-shi:r-u *'ilay-hi: 'an la: ta-f'al*
e DEF-mono-NOM 3SgMasc-indicar(IMPERF)-INDIC para-3 SG iso non 2SGMASC-facer(IUSIVO)
"e o mono díxolle: 'Non fagas iso' "

fa ya-drib-u-hu
e entón 3SGMASC-golpear(IMPERF)-INDIC-o
"e entón el golpeouno"

fa lamma: farag-a min bay-i l-xamr-i
e cando terminar(PERF)-3SGMASC dende venda-XEN DEF-viño-XEN
"Cando rematou de vender o viño"

(4)

wa 'arad-a r-ruju: '-a 'ila: balad-i-hi rakiba l-bahr-a
e querer(PERF)-3 SGMASC DEF-volta-ACUS cara a pobo-XEN-3SG viaxar(PERF)-3SGMASC DEF-mar-ACUS
"e quixo volver á casa, viaxou por mar"

<...>

(8)

wa rama: 'ila l-markab-i bi dirham-i-n
e tirou cara a DEF-barco-XEN con dirham-XEN-INDEF
"e <o mono> tirou un dirham ao barco"

(9)

wa 'ila l-bahr-i bi dirham-i-n
e cara a DEF-mar-XEN con dirham-XEN-INDEF
"e un dirham ao mar"

<...>

hatta: qasama d-dara:him-a nisf-ayni
ata que dividiu DEF-dirhams(PL)-ACUS metade-DUAL
"ata que dividiu os dirhams en dúas metades."

BIBLIOGRAFÍA

Segue unha bibliografía mínima de introducións á estrutura gramatical do árabe, coas fontes que se utilizaron para elaborar este resumo gramatical

- Corrente, Federico (1992): *Gramática árabe*. Barcelona: Herder.
- Fischer, Wolfdietrich : "Arabic", en Bright (ed.): *International Encyclopedia of Linguistics*. Oxford University Press, 91-98
- Kaye, Alan (1987): "Arabic", en B. Comrie (ed.): *The World Major Languages*. Londres: Croom Helm, 664-685. [reeditado en B. Comrie (ed.): *The Major Languages of South Asia, The Middle East and Africa*. Londres: Routledge, 1990, 170-191]
- Lyovin, Anatole (1997): "Sketch of Modern Literary Arabic", *An Introduction to the Languages of the World*. Oxford University Press, pp. 201-217

RECURSOS SOBRE ÁRABE EN INTERNET

- ['al-Kitaab](#) fii ta'allum al- 'arabiiya
- [Arabic Grammar and Culture](#) (lista de enlaces)
- [Arabismo](#). O portal sobre a lingua árabe e o arabismo, con moitísimos enlaces interesantes a métodos de aprendizaxe, dicionarios e outros recursos relacionados coa lingua árabe
- [Babel:arabic](#)
- [Curso de árabe de a yama'a islámica de Al-Andalus](#)
- [Learn Arabic](#) (completo curso multimedia en Internet)
- [Modern Standard Arabic Page](#)

ABREVIATURAS UTILIZADAS

1	1ª persoa dos pronomes , sufixos persoais ou flexión verbal
2	2ª persoa dos pronomes , sufixos persoais ou flexión verbal
3	3ª persoa dos pronomes , sufixos persoais ou flexión verbal
ACUS	acusativo
DEF	definido
DU	dual
FEM	feminino
IMPERF	aspecto imperfectivo
INDEF	indefinido
INDIC	indicativo
INT	interrogación
IUS	modo iusivo
MASC	masculino
NEG	negación
NOM	nominativo
OBX	obxecto directo
PASIV	voz pasiva
PERF	aspecto perfectivo
PL	plural
SG	singular
SUBX	modo subxuntivo
SUX	suxeito
XEN	xenitivo

© José M. García-Miguel 2001